

As voces perdidas

Roubáronme a voz. Roubáronme o silencio, o tempo, o espazo e, con todo, a capacidade e a oportunidade de contar a vida. Ás veces imaxínome mollando a pluma, un xesto delicado, pero que ben dirixido pode tornar o papel en revolución. Outras veces imaxínome argallando un ‘*cazapensamentos*’ para que non foxan cara ao abismo da desmemoria cando brotan. E é aí cando sinto o desazo furando o peito e a mágoa estrangulando a gorxa. Porque é moi certo iso de que unha muller escribe cando pode, porque é moi certo iso de que unha muller escribe cando lle deixan, namentres ollando a fiestra as nubes pasan, o mundo xira, e ninguén repara nin pregunta xa por todas esas voces perdidas.

Virginia Woolf marcou un antes e un despois tanto no eido da literatura universal coma para o movemento feminista, e dentro de todo o seu legado hai dúas frases que se cravan fondo. A primeira: “*Eu aventuraríame e pensar que Anónimo, o que escribiu tanto poemas sen asinalos, foi a miúdo unha muller*”. A segunda: “*Unha muller debe ter cartos e un cuarto propio para escribir ficción*”. Malia que eu sentenciaría a última frase no verbo escribir, nunca será suficiente repetila unha e outra vez, porque o cuarto propio é moito máis que un espazo, o cuarto propio é para a muller o tempo para si mesma que lle foi negado, ese contador demoníaco coas agullas ancoradas no doméstico e nos coidados. O cuarto propio é a intimidade e o silencio que todas nós precisamos para que os pensamentos e as palabras agromen, para que prenda a faísca do noso espertar. Unha sorte de utopía para as nosas antepasadas e un soño inalcanzable para as mulleres precarizadas contemporáneas, que ou ben destinamos practicamente a metade do salario a un aluguer que roza o ilegal, eticamente falando, ou ben seguimos no niño natal en contra da nosa vontade e coas ás repregadas.

Nun tempo no que vivo baixo un teito gris de formigón, no que ás veces as paredes de cartón comezan a achicarse e eu temo un incendio, ‘As mulleres que opinan’ representa para min ese cuarto propio negado acotío. Pero un cuarto propio comunitario, a Residencia de Señoritas de Madrid, o Lyceum Club de Barcelona. Un lugar cun chan sólido e nada pegañento sobre o que tecer unha rede segura co fío das que foron alumeadas co don da palabra. Un espazo cun teito aberto no que despreparar as ás da autoestima elevada por compañeiras admiradas. En definitiva, un cuarto en cuxas paredes resoan as denuncias e as reivindicacións das mulleres valentes que xa non están dispostas a calar. Non teño freo á hora de cantar as verdades e, persoalmente, ‘As mulleres que opinan’ marcou un punto de inflexión no xeito co que adoitaba mirarme ao espello e hoxe, malia que non teño o silencio, malia que non teño o tempo, malia que non teño o espazo, eu négome, négome a ser unha voz perdida, por iso berro entre as miñas paredes de cartón: Eu son muller, eu son válida, eu escribo, eu conto e eu vivo!